

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO QUINTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN, BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.-**

A Mesa de Contratación, constituída no procedemento de licitación tramitado, en sesión celebrada o 21 de xullo de 2017, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Publico.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Clasificar por orden decrecente de puntuación ás empresas participantes declaradas admitidas no procedemento do seguinte xeito:

**Lote nº 1.- Bos Días Cole:**

|                      | <b>Puntuación Referencias Técnicas</b> | <b>Puntuación Proposición Económica</b> | <b>Puntuación Total</b> |
|----------------------|--|---|-------------------------|
| A Billarda S.L       | 26,00                                  | 26,09                                   | 52,09                   |
| Agora Aberta S.L.    | 30,00                                  | 15,00                                   | 45,00                   |
| Serviplus Total S.L. | 12,00                                  | 21,44                                   | 33,44                   |
| Órbita Infantil S.C. | 23,00                                  | 10,00                                   | 33,00                   |
| Hebe Sport S.L.      | 10,00                                  | 12,58                                   | 22,58                   |

**Lote nº 2.- Tardes Divertidas:**

|                      | <b>Puntuación Referencias Técnicas</b> | <b>Puntuación Proposición Económica</b> | <b>Puntuación Total</b> |
|----------------------|--|---|-------------------------|
| Agora Aberta S.L.    | 30,00                                  | 17,00                                   | 47,00                   |
| A Billarda S.L       | 25,00                                  | 21,09                                   | 46,09                   |
| Serviplus Total S.L. | 10,00                                  | 26,44                                   | 36,44                   |
| Órbita Infantil S.C. | 20,00                                  | 12,00                                   | 32,00                   |
| Hebe Sport S.L.      | 12,00                                  | 15,58                                   | 27,58                   |

**Segundo.-** Declarar que as características esenciais da contratación para os licitadores clasificados en primeiro lugar son as que figuran na proposición formulada por cada un deles e nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

**Terceiro.- Prezo.** A oferta dos licitadores son as seguintes:

**Lote nº 1.- Bos Días Cole:**

| <b>Empresa</b>        | <b>CIF</b>        | <b>Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)</b> | <b>Prezo/almorzo servido (mais IVE 10%)</b> |
|-----------------------|-------------------|--|---|
| <b>A BILLARDA S.L</b> | <b>B-27278845</b> | <b>11,40 €</b>                           | <b>1,19 €</b>                               |

**Lote nº 2.- Tardes Divertidas:**

| <b>Empresa</b>           | <b>CIF</b>        | <b>Prezo/hora monitor<br/>(mais IVE 10%)</b> | <b>Prezo/almorzo<br/>servido<br/>(mais IVE 10%)</b> |
|--------------------------|-------------------|--|---|
| <b>AGORA ABERTA S.L.</b> | <b>B-15942329</b> | <b>12,90 €</b>                               | <b>0,75 €</b>                                       |

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**Cuarto.- Duración do contrato.**

A prestación do servizo coincidirá co funcionamento do curso escolar fixado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que dará comezo o primeiro día lectivo do mes de setembro rematando o último día lectivo do mes de xuño.

A prórroga será obrigatoria para o contratista.

Aos efectos das prorrogas entenderase que o contrato se iniciará o día 1 de setembro, aínda que este se formalizase con anterioridade á mesma.

Excepcionalmente, poderase admitir unha execución forzosa do contrato, cando, unha vez extinguida a duración total do mesmo, non conclúise o procedemento para proceder a unha nova adxudicación. Esta prórroga acordarase polo órgano de contratación, e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Neste caso, as condicións do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga.

**Quinto.- Resto de condicións.** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

No prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

**A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.**

**A-2) Persoas xurídicas:**

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea**

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)**

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

**A-5) Demais empresas estranxeiras**

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente

análoga.

**A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.**

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

**A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

**A-8) Imposto de Actividades Económicas**

O empresario adxudicatario deberá achegar o último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obrigaón de pago. O alta deberá achegarse, en todo caso, cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación estará referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non darse de baixo na matrícula do citado Imposto.

**B) Poderes**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

**C) Acreditación da clasificación**

Ao tratarse dun contrato de servizos, non se require clasificación, aínda que esta poderá achegarse para acreditar a solvencia.

**D) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional**

A solvencia económica e financeira, técnica ou profesional poderá acreditarse tanto polos medios establecidos na cláusula 10.3 do presente prego como mediante a correspondente clasificación segundo ao lote ao que se presente.

**E) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

**F) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan ao puntos a que se refire o artigo 328 do TRCLSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora

do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e dos rexistro de convenios, publicada no BOP nº 64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D), E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

**G) Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social**

**H) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado**

**I) Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes**

Deberá achegarse unha copia do contrato dun seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscientos mil Euros (600.000 Euros), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato, así como un seguro de accidentes innominada para a totalidade dos participantes no programa coas características establecidas na cláusula 28.17) do presente prego. A formalización dos devanditos seguros será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

**K) Xustificante de ter constituída garantía definitiva**

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

| Lote                          | Empresa         | Importe Adxudicación (IVE excluído) | 5% garantía definitiva |
|-------------------------------|-----------------|-------------------------------------|------------------------|
| Lote nº 1.- Bos Días Cole     | A BILLARDA SL   | 261.163,00 €                        | 13.058,15 €            |
| Lote nº 2.- Tardes Divertidas | AGORA ABERTA SL | 261.292,50 €                        | 13.064,62 €            |

**L) Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios.**

Publicación anuncio en Boletín Oficial do Estado por un importe de 724,22 Euros

| Lote                          | Empresa         | % orzamento base de licitación | Importe a aboar do ANUNCIO |
|-------------------------------|-----------------|--------------------------------|----------------------------|
| Lote nº 1.- Bos Días Cole     | A BILLARDA SL   | 49,84                          | 360,95 €                   |
| Lote nº 2.- Tardes Divertidas | AGORA ABERTA SL | 50,16                          | 363,26 €                   |

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

**Sexto.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a tres de agosto de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde  
José M. Miñones Conde

A secretaria